

Mytiga é o acrónimo do proxecto "Riscos biolóxicos e ambientais no cultivo de *Mytilus galloprovincialis* no marco do cambio climático" que foi presentado no **Programa Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Orientada a los Retos de la Sociedad**. En concreto dentro dos diferentes retos propostos na convocatoria, **Mytiga** encadrouse como unha acción sobre o cambio climático e a eficiencia na utilización de recursos e materias primas.

O proxecto MYTIGA aborda a complexidade destas cuestións emerxentes desde a colaboración de científicos, coa administración e a industria. Os obxetivos que se pretenden acadar a través de Mytiga son:

1. Analizar as condicións bioxeoquímicas e as características da comunidade fitoplantónica observadas no pasado e presentes nas Rías Baixas.
2. Identificar e cuantificar os factores ambientais e biolóxicos que controlan e determinan a produción e explotación do mexillón: estado metabólico, crecemento, tenacidade do biso, desprendementos.
3. Estudar o impacto dos cambios observados e pronosticados para as Rías Baixas no mexillón *Mytilus galloprovincialis*: variabilidade físico-química e presión biolóxica
4. Evaluar o impacto económico sobre a produción de mexillón do cambio climático observado e estimado nas Rías Baixas
5. Desenvolver ferramentas para a detección e predicción de cambios bioxeoquímicos e a resposta fitoplanctónica sobre pronósticos de curto prazo e en escenarios climáticos futuros

Para elo, Mytiga plantexa unha investigación aplicada para integrar o coñecemento atesourado en diferentes esforzos de monitorización do medio así como novas actuacións para mellorar o coñecemento sobre a variabilidade hidrodinámica e bioxeoquímica das Rías así como sobre o recurso. Especificamente:

- 1) Analizar de forma conxunta toda a información relevante das bases de datos de observacións bioxeoquímicas do INTECMAR, IIM-CSIC e IEO.
- 2) Creación de sistemas de monitorización en tempo real a bordo do B/O José María Navaz
- 3) Reconstruír as condicións hidrodinámicas pasadas a partir do modelo ROMS
- 4) Realización dun sistema de monitorización da produción en diferentes puntos da Ría de Arousa

Como complemento a esta visión biolóxica-ecolóxica do cultivo de mexillón e as súas ameazas, o equipo investigador nótrese da aportación de economistas especializados en recursos naturais que permitirán estudar o impacto destes cambios e dos diferentes eventos na oferta e na demanda